

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 28 de setembro de 2006**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o próximo xoves, día 28 de setembro de 2006, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

- [1.-Aprobación da acta da sesión plenaria ordinaria nº 9/06, do 15 de setembro.](#)
- [2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 16.118 á nº 17.066.](#)

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

- [3.-Ampliación da delegación de competencias en materia tributaria polo Concello de Porto do Son.](#)
- [4.-Expediente de modificación de crédito nº 2/06 e modificación da base 48ª das de execución do orzamento de 2006.](#)

Comisión de Cooperación e Asistencia a Concellos

- [5.-Aprobación da modificación da distribución interna do financiamento da segunda fase do Programa operativo local 2006.](#)

Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais

- [6.-Aprobación provisional da 1ª relación da 1ª fase do Plan de travesías 2006 integrada polo proxecto de travesía e seguridade viaria na E.P. 4803 Miño a Pontedeume do P.K. 3.800 ao 7.100 e do 10.250 ao 10.750 \(Pontedeume\) e solicitude á Xunta de Galicia de declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras.](#)

- [7.-Ratificación da solicitude de declaración de urxente ocupación á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización da obra de construción de variante entre o P.K. 1.750 e o P.K. 2.450 da E.P. 9302 de Caxadas a Bañas \(Vimianzo\), incluída na 5ª relación do Plan de vías provinciais 2006/2008.](#)

Comisión de Plans Especiais, Contratación e Equipamento

- [8.-Aprobación da segunda fase do Plan de piscinas cubertas climatizadas para concellos da provincia cunha poboación superior aos 10.000 habitantes 2005-2006.](#)

Comisión de Promoción Económica, Emprego e Turismo

- [9.-Convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, Consellería do Medio Rural, Axencia Galega de Desenvolvemento Rural \(AGADER\), Centro de Iniciativas Turísticas do Eume e Asociación Euroeume coa Deputación Provincial da](#)

[Coruña para o desenvolvemento do Plan piloto de mellora de calidade turística e promoción artesanal na zona do Eume.](#)

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 28 DE SETEMBRO DE 2006

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 28 de setembro de 2006, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar sesión **ordinaria** .

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR:

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ LUIS ARMADA CASTRO	PSOE
DON XAIME BELLO COSTAS	BNG
DON JOSE BLANCO PAZOS	PP
DON MANUEL CAAMAÑO LOURO	PP
DONA SOCORRO CEA VÁZQUEZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON GERMÁN DIZ ARÉN	PSOE
DON JOSÉ FERREIRO PARDIÑAS	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON EDUARDO LAMAS SÁNCHEZ	PP
DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO	PP
DON JOSE MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP
DON RAMÓN QUINTÁNS VILA	PSOE
DON ERNESTO RIEIRO OREIRO	PP
DON ALEJANDRO RODRÍGUEZ LEMA	PSOE
DONA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ

PP
BNG
BNG

Non asiste o Sr. Campo Fernández e escúsanse a Sra. Jabares Fernández e o Sr. Candela Castrillo.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. Secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA N° 9/06, DO 15 DE SETEMBRO.

Apróbase a acta da sesión plenaria ordinaria nº 9/06, do 15 de setembro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA N° 16.118 DEICA Á N° 17.066.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 16.118 deica á nº 17.066.

3.-AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA POLO CONCELLO DE PORTO DO SON.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Porto do Son en relación coas seguintes materias:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos desde o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

4.-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 2/06 E MODIFICACIÓN DA BASE 48ª DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE 2006.

INTERVENCIONS

Sr. Lagares Pérez

Grazas Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, bos días a todos. Dicia Baltasar Gracián: “o bo, se breve, dúas veces bo”. Eu non sei se será bo o que vou dicir, pero si que vou tratar de ser breve, indubidabelmente.

Imos debater nesta sesión plenaria o Expediente de modificación de créditos nº 2 correspondente ao exercicio 2006, por preto de 9.300.000 euros. A Comisión Informativa do pasado luns, a través do presidente, que está no uso da palabra, presentamos unha serie de modificacións e unha serie de emendas ao propio expediente, que entendemos que axudaron a enriquecelo, e corriximos uns desfasamentos que había, numéricos ou de nomenclátor.

E agora nesta exposición veremos como se trata dun expediente que é investidor, que é externo, porque de cada 100 euros 93 van destinados, ben a investimentos propios, neste caso non unha cantidade moi elevada, pero si a transferencias, tanto de capital como correntes, dirixidas aos concellos, ás institucións, a clubs, etc.

Como se produce o financiamento deste expediente de modificación de créditos? A través de dúas vías: as baixas por anulación, en distintos aspectos de economías, que podemos dicir que son economías ociosas, economías que, de cara ao remate do exercicio económico actual, aínda que figuraban no orzamento aprobado inicialmente, non van ser consumidas. E estas economías ociosas son de distintos departamentos, do departamento de Vías e Obras, o departamento da Imprenta Provincial, nos locais da Recadación, que recuperamos 150.000 euros que non se van gastar, refírome ao de Ordes e Betanzos, entre outras. E o resto obtense por remanente de tesourería para gastos xerais, que significa unha contía maior ca as baixas por anulación, concretamente 5.250.000 euros.

Así mesmo, prodúcese unha ampliación da base 48, que como saben as Sras. e os Sres. deputados, refírese ás distintas subvencións nominativas, que foron ampliándose ao longo xa do primeiro expediente e que agora se completan, todo iso a teor dos apartados a) e c) e do artigo 22.2 da Lei xeral de subvencións do ano 2003. Aquí hai que ter en conta as razóns particulares e subxectivas e de interese que merecen distintas subvencións que aparecen como nominativas, e que teñen as Sras. e Sres. deputados a relación na súa documentación. Teñamos en conta que dentro destas subvencións nominativas hai dous tipos delas: aquelas que se incorporan ao abeiro

desta Lei de subvencións; e outras que non xeran novas economías, senón que son economías que, en nome da transparencia deste equipo de goberno consideramos que debemos dar conta directa a este Pleno, aínda que indubidabelmente se poderían facer por outros sistemas, pero entendemos que debe ser o Pleno o que coñeza, por exemplo, que a Sociedade Fillos de Porto do Son de Uruguay para actividades culturais leva 6.000 euros, isto non era necesario traelo ao Pleno, senón que podería facerse directamente como unha subvención normal. Poño este exemplo, pero é que así aparecen reflectidas todas no ditame correspondente.

E neste mesmo aspecto quero indicar que hai que xustificar en todas estas subvencións os principios porque non hai publicidade, concorrência, etc., e que hai unha serie de subvencións que indubidablemente podían optar distintos concellos. Todo isto é un trámite que se segue, e é un trámite que desde a fiscalización dos servizos económicos, a Intervención, no seu momento se lle dará o visto e praxe, se procedese, e así aboaríase a subvención respectiva.

Desde o punto de vista político eu querría destacar catro aspectos. O primeiro aspecto é solidariedade coas sociedades galegas do outro lado do mar e con determinadas ONG, e todos sabemos que, sen dúbida, non se trata dunha cantidade, é dicir, cuantitativamente estas subvencións non son elevadas, pero si cualitativamente van significar un feito importante para os nosos veciños que, circunstancialmente, están a atravesar unha serie de penurias de tipo económico, e que a través destas axudas, de distintas axudas, imos paliar un pouco humanamente esta crise económica, fundamentalmente nas terras de Argentina.

En segundo lugar, é un expediente que mira para os concellos, e que as entidades e asociacións van saír beneficiadas con el. Fundamentalmente no capítulo IV, que como saben todos vostedes, son as transferencias correntes, e no capítulo VII, que son as transferencias de capital, englobase niso en torno a 8.500.000 euros, o que significa o 90% do total do contido económico.

E eu sinalaría como terceiro e cuarto aspecto, dado que falei de catro, a ampliación do programa, do Plan de campos de fútbol de herba artificial. O mes pasado de maio demos o visto e praxe nesta cámara, entre outras cousas, a unha consignación de 5.000.000 de euros; pois ben, increméntase este plan con catro millóns e medio de euros, o que significa 9,5 millóns, e que se van reflectir a través das bases e que se van plasmar en futuro acordo plenario que se traerá a esta cámara, os distintos campos de fútbol de distintos concellos que van ter herba artificial. Quero destacar a demanda importante que houbo nos concellos, dado que o mantemento e conservación, como sabemos os municipalistas dos nosos campos de herba artificial, cada vez é máis custoso e estes campos de herba artificial apenas teñen conservación e mantemento.

E o cuarto aspecto, como non, o Plan de eliminación de barreiras arquitectónicas, que completa a primeira fase, practicamente na súa totalidade, con 1.500.000 euros, e que completa practicamente o 100% das peticións formuladas polos

distintos concellos, e que figurará no seu momento tamén nun acordo plenario que se traerá a esta cámara.

Estes dous aspectos, os máis importantes a nivel cuantitativo do expediente, vanse facer delegando a competencia nos concellos. Este equipo de goberno, e entendo que tamén o grupo provincial do Partido Popular, respecta e quere aumentar a autonomía municipal, como así se demostrou no pasado mandato do Sr. Torres, e queremos seguir nesa liña que creo que é beneficiosa para os concellos da provincia. Os concellos serán os xestores, os que van adxudicar, a certificar, en resumo, os que van xestionar practicamente estes dous plans que, como digo, son importantes para a provincia.

E xa non me paro máis en números. Eu entendo que é un expediente externo, investidor nun futuro nos concellos, e eu creo que merece o visto e praxe de todas as señoras e os señores deputados. Máis nada, de momento, Sr. presidente, e moitas grazas.

Sra. Cea Vázquez

O grupo provincial do BNG tamén quere comentar certos aspectos deste expediente de modificación de crédito, pois trátase dunha sesión na que imos aprobar algo máis de 9.000.000 dentro dos que se encontra unha partida histórica para a área de Benestar Social que non podemos pasar por alto.

Xa o Sr. Lagares citou os investimentos máis importantes recollidas neste expediente, pero entre os diferentes proxectos que se van subvencionar desde a Deputación da Coruña, queremos desde o grupo do BNG destacar unha iniciativa moi importante e necesaria, e estoume a referir ao Plan de eliminación de barreiras arquitectónicas. Pero antes de centrarme con detalle neste plan quero valorar tamén positivamente o importante aumento da partida inicial destinada a campos de fútbol de herba artificial, trátase de aprobar hoxe o aumento de 4.500.000 de euros para dito programa, que posibilitará a construción de preto de 30 campos de fútbol. Pois ben, se temos en conta que se recibiu nesta Deputación a petición desta infraestrutura deportiva por parte de 44 concellos da nosa provincia, pois vemos como van ser atendidas a maior parte das solicitudes. Sen dúbida ningunha, é un importante plan que beneficia moi especialmente á poboación nova, á máis nova da nosa provincia.

Pero ademais do Plan de campos de fútbol quero destacar especialmente a importante partida, sen precedentes nesta Deputación, que se vai destinar á área de Benestar Social. Trátase, como dixen ao comezo da miña intervención do Plan de eliminación de barreiras arquitectónicas, que contribuirá, en definitiva, a mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas dos concellos coruñeses, que é o obxectivo fundamental desta Deputación. Pero para cualificar atinadamente este plan chega con dicir que se vai destinar a el a cantidade de 2.879.050,96 euros, neste ano 2006, para atender as peticións de 56 concellos da nosa provincia, que queren adaptar os seus

edificios municipais, e facilitar así, e mellorar a vida, por suposto, dos seus maiores ou persoas discapacitadas. Con estes case 3.000.000 de euros se poderán executar as 74 obras solicitadas a esta Deputación. Así, a maior parte das casas consistoriais ou edificios municipais da provincia, é dicir, bibliotecas, casas da cultura, polideportivos, locais sociais, centros da terceira idade, entre outros, poderán instalar ascensores, plataformas, ramplas, ou ben aseos adaptados.

Por suposto, o grupo provincial do BNG desta Deputación ten moi claro que a política social dirixida ao colectivo de persoas con discapacidades ten que constituír unha das prioridades dos gobernos das diferentes administracións públicas, e por suposto é, e será, unha reivindicación constante deste goberno provincial, no seu traballo a favor da igualdade de oportunidades e a non discriminación en todos os ámbitos. Non podemos nin debemos esquecer que gobernamos para todos e cada un dos coruñeses, e dun modo especial, para ese 8% de persoas discapacitadas que temos na provincia. E cando digo un 8% estoume referindo a algo máis de 85.000 persoas que sofren algunha discapacidade física, psíquica ou sensorial. Por iso, esta Deputación dá, por primeira vez, un paso firme e un apoio decidido a favor das persoas da nosa provincia que padecen algún tipo de discapacidade. A área de Benestar Social, presidida pola deputada do BNG Margarida Vázquez Veras, considera que nunca antes esta Deputación, nin tampouco o anterior goberno da Xunta de Galicia, atendeu este tema coa planificación e rigorosidade que se precisaba; pero os gobernos cambiaron, nas dúas institucións, e cambiou tamén a sensibilidade para este tema. Agora desde a Vicepresidencia da Xunta de Galiciaponse en marcha o Plan de acción galego para persoas con discapacidade, grazas ao cal haberá programas para favorecer a vida independente das persoas con discapacidade e procurar a súa participación plena na sociedade. E isto será posíbel grazas a que o orzamento para programas de dependencia da Xunta, por exemplo, vaise triplicar para o ano 2007. Pois ben, desde a Deputación Provincial da Coruña compartimos coa Vicepresidencia da Xunta esta mesma preocupación e interese por esta cuestión, e consideramos unha necesidade primordial mellorar as actuacións para as persoas con discapacidade.

Neste sentido queremos lembrar que a nosa provincia é a máis favorecida, economicamente, dentro do Plan “Galicia sen barreiras” presentado onte mesmo polo vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, e no que trece concellos da Coruña que solicitaron axuda para a eliminación de barreiras nos seus respectivos concellos contarán con preto de 500.000 euros para esta fin, o triplo do que se viña dedicando en exercicios anteriores.

Por iso, os case tres millóns de euros que dedica esta Deputación á eliminación de barreiras arquitectónicas supón, ao noso modo de ver, a actuación máis importante e nova deste expediente de modificación de créditos.

Esperamos contar agora co apoio dos tres grupos da cámara para levar adiante estes programas porque estamos convencidos de que todo o aprobado neste expediente, sen dúbida ningunha, axudará á consecución da accesibilidade para todas as persoas e

contribuirá a mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas da nosa provincia. Eu creo que hoxe a Deputación da Coruña marca un antes e un despois na atención á poboación discapacitada, do que todos os deputados e deputadas desta cámara témonos que sentir moi satisfeitos. Moitas grazas, Sr. Presidente.

Sr. López Crespo

Eu vou ser un pouco máis breve, se podoo, ca os meus predecesores no uso da palabra.

Eu persoalmente, desde que estou en política, sempre fun escéptico respecto a esa hiperimportancia que se lle dá aos Plenos dos orzamentos nas corporacións locais ou provinciais, porque se parte dun suposto de que é un rigoroso orzamento e se vai cumprir, e despois vemos que a realidade, ás veces, é teimosa, por múltiples razóns, como imos ver aquí, e que hai que cambiar, o cal a min me alegran en principio as modificacións orzamentarias, alégrome porque esa flexibilidade da administración permite que traballemos a favor dos administrados. Que sería de nós agora se non puidésemos modificar o orzamento e tivésemos que deixar ese diñeiro sen gastar? Isto pásanos ás veces con algunhas achegas doutras administracións. Polo tanto, en principio, alégrome persoalmente de que se poidan facer modificacións; outra cousa é a xustificación que as modificacións teñen, e que neste caso non é, en conxunto, unha mala xustificación, é dicir, que se pode encontrar razoabelmente explicadas as causas e as consecuencias desta modificación orzamentaria.

En principio nós temos que facer alusión a unhas referencias que fixemos xa no Pleno do 25 de maio e no do 27 de xuño no que, ben, había uns orzamentos que a nós nos parecían un pouco perigosos e un déficit na xestión; talvez esta modificación veña a darnos en parte a razón, aínda que repito, as explicacións dadas, tanto na Comisión informativa coma hoxe, fannos ver que en moitos casos son, cunha denominación moi curiosa que a min me gusta moito: economías ociosas, eu a palabra ociosa aplicábaa a moitísimas cousas, ata a algúns políticos vagos, -non é o caso desta cámara-, pero as economías ociosas non as coñecía, remanentes de tesourería e baixas por anulación, ben, a orixe, repito, está xustificada, e feita esa mención dunha xestión un pouco máis lenta, parécenos acertada.

Entón, respecto de onde vai parar ese diñeiro que se saca doutras partidas, onde vai parar? Pois fundamentalmente vai ir a campos de fútbol de herba e vai ir ás barreiras arquitectónicas. Pero si que hai outros aspectos, outras partes a onde vai, que sen chegar a desgustarnos profundamente porque está aí a relación das asociacións ou institucións a onde vai, si que se usa de novo, con bastante profusión, a discrecionalidade á hora de outorgar as subvencións. Repito que coñecendo a lista non é condenábel a situación, pero si o sistema. Por iso nós pedimos que, na medida do posíbel, se restrinxa ao mínimo que se poida este tipo de concesión de subvencións.

Temos, por certo, que facer unha mención especial, nós gobernamos tamén esta institución durante moito tempo, e vou dicir, entre comiñas, padecemos -que ben que padecesen outros así-, padecemos o rigor dos servizos técnicos desta casa. E digo rigor porque o rigor só pode vir da capacidade e da competencia. Ben, pois un informe orixina retirar unha partida, agradecemos que sexa retirada, pero aproveitamos para eloxiar de novo a esta Deputación da Coruña, que é coñecida en todo o territorio español e creo que detalles coma estes só fan dignificar, aínda que repito, con todo o agarimo, ás veces sofren os que gobernan estas situacións.

Dos campos de fútbol non teño nada que dicir, máis que eloxiar a xenerosidade, estamos seguros que o rigor con que foi feita a clasificación de onde van ir os campos, e confiando, ata por razóns de interese propio, de que un queda na lista de reserva- de que se estea nalgún furado dalgunha modificación do ano que vén ou de final deste ano.

Respecto aos Servizos Sociais, as barreiras arquitectónicas, totalmente de acordo, os mundos evolucionan. Mesmo a lexislación que sae de Europa, ou a lexislación que sae de organismos internacionais moi técnicos, aconsellan que os investimentos vaian a máis en aspectos coma este, neste caso, para persoas con minusvalías. O que si, con todo o agarimo á portavoz do BNG dicirlle que non é a primeira vez que esta institución dedica unha cantidade importante do seu orzamento, talvez así especificamente como barreiras arquitectónicas si, pero aquí xa hai moitos anos, os que nos dedicamos ao ensino, que percibimos subvencións da Deputación Provincial da Coruña, xa hai vinte e tantos anos, para que os nosos nenos, aqueles que vulgarmente se denominan con necesidades educativas especiais, puidesen ir cunha cadeira ortopédica, cun pupitre ortopédico, cun transporte adaptado, que son aspectos pioneiros, de pouca cantidade, pero moi significativos no que foi romper os tabús daquelas barreiras sociais, que son peor ca as arquitectónicas, cando un neno con síndrome de Down non podía ir ao colexio porque os outros se rían del, a nai sentía vergoña, a deterioración da autoestima daquela familia era terrible. E aí xa esta Deputación, supoño que a Xunta de Galicia, pero desta Deputación que eu coñecía, nalgún momento gobernada polo presidente actual, e sempre que se lle pedía algo, dábase. Repito, eloxio a cantidade que sae nesta ocasión, pero só reivindico, non para nós, pero si para outras persoas que gobernaron esta institución, que xa antes se fixera bastante, ao mellor non o suficiente, pero bastante, polos discapacitados.

E como creo que estenderse máis sería querer xustificarse o que non ten por que xustificarse, repito, en xeral, damos unha advertencia amorosa, que é a forma que nos gusta de tratar estes temas, por esa baixada de intensidade no da xestión que fai que algunhas partidas non se gasten; facemos unha advertencia amorosa no da discrecionalidade dalgunhas subvencións; e no resto imos apoiar cun si esta modificación orzamentaria, esperando que as próximas que se produzan estean xustificadas coma esta, e se non se producen, pois mellor ca mellor. Máis nada, presidente, e moitas grazas.

(Abandona o salón o Sr. Poza Domínguez).

Sr. Presidente

Grazas, Sr. López Crespo, e agradezo, e agradecemos o voto favorábel a este expediente de modificación de créditos. Eu voulle dar unha explicación a esa advertencia amorosa que nos fai sobre as economías ociosas. Non é que fagamos o Orzamento do ano 2006 con economías ociosas; o que pasa é que facemos unha programación, e a realidade é teimosa, unha cousa é o que un pensa facer e outra cousa é a realidade e o que un realmente pode facer.

Con este expediente de modificación de créditos o único que estamos a facer é adaptando o orzamento á viabilidade técnica de execución dos proxectos. Explícome: temos unha morea de millón de euros metidos en vías provinciais; en estradas, temos os proxectos aprobados, e temos consignado o diñeiro; pero non se vai executar este ano, non se vai executar porque non temos os terreos a disposición. Entón, o que estamos a facer, en vez de deixar esa economía ociosa, que está aí, inmovilizada e non vale para nada, recollémola e metémola en investimentos na provincia, e o próximo ano no orzamento completaremos ese diñeiro en vías provinciais, cando teñamos os terreos para poder executar a obra. Non ten ningún sentido ter unha morea de euros paralizados no banco, cando os concellos piden eliminación de barreiras arquitectónicas, cando piden campos de fútbol de herba artificial; cando hai unha demanda de investimento por parte dos concellos.

Polo tanto, agradézolle o voto e doulle esta explicación: non é que haxa unha economía ociosa, senón que se adapta o orzamento á viabilidade técnica de execución dos proxectos, porque a realidade é teimosa, e un fai unha programación, pero se non temos a urxente ocupación e non temos a expropiación, non podemos executala, de feito temos como 16 ou 17 estradas pendentes da urxente ocupación pola Xunta de Galicia, porque é un tema que aproba a Xunta de Galicia. Sei que hoxe no Consello da Xunta van aprobar 4, mesmo lle pedimos tamén, me parece que neste Pleno, a urxente ocupación dunha travesía de Caxadas a Baíñas, pois nós xa temos o diñeiro preparado para facer a travesía de Caxadas a Baíñas, pero mentres non teñamos a aprobación da Xunta e a expropiación feita, pois temos o diñeiro paralizado. O que fixemos foi recoller todo ese diñeiro e utilízalo, investilo na provincia, máis nada.

Grazas por ese voto favorábel.

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados (9 do PSOE, 4 do BNG e 14 do PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 1 deputado (PSOE- por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación – art. 74.5 do Regulamento Orgánico).

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Despois de examinar o expediente e máis a documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta Comisión adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2/06 de competencia do Pleno, que se tramita dentro do vixente orzamento xeral, por un importe de 9.267.776,73€ e que ofrece o seguinte resumo:

Aumentos:

CE. Créditos extraordinarios..... 1.317.273,84
SC. Suplementos de crédito..... 7.950.502,89

Total de aumentos:..... 9.267.776,73

Baixas (Financiamento):

BA. Baixas por anulación..... 4.017.776,73
RX. Remanente de tesourería para gastos xerais..... 5.250.000,00

Total de baixas:..... 9.267.776,73

2º.- Modificación da Base 48ª de execución do Orzamento Provincial.

2º-1.-Incorporar ás subvencións nominativas recollidas na Base 48ª do Orzamento Provincial do exercicio 2006 as que se enumeran deseguido, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2.d da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

<u>APLIC. PRESUP.</u>	<u>BENEFICIARIO</u>	<u>OBXECTO E FINALIDADE</u>	<u>IMPORTE</u>
0202/452A/762.01 ,00	Concello Laxe	Construción campo fútbol	600.000
0202/469A/762.01 ,00	Concello Neda	Centro cívico social	180.000
0202/511C/762.01 ,00	Concello Arzúa	Camiño estrada da Mota en Arzúa	197.394
0305/321D/789.01 ,00	FORGA	Residencia alumnos forma. ocupacional	200.000
0305/432D/789.01 ,00	Unión Xeral Traballadores	Rehabilitación edificio As Chaconeiras	31.168
0601/451D/489.01 ,00	Auditorio Galicia	Actividades anuais	180.000
0601/451H/489.01 ,00	Asoc. Socio-Pedagóxica Galega	Financiamento programas	55.000
0601/451H/489.01 ,00	Sem. estudos comarcais C.Morte	Finan. prox. “Percorrendo vieiros C. Morte”	30.000

0601/452C/489.01	Hockey Club Liceo	Finan. gastos da competición	30.000
0601/452C/789.01	S.D. San Tirso	Melloras campo fútbol O Monte Fase II	106.367

2º-2. -Incorporar ás subvencións nominativas recollidas na Base 48ª do Orzamento Provincial do exercicio 2006 as que se enumeran deseguido.

<u>APLIC . PRESUP.</u>	<u>BENEFICIARIO</u>	<u>OBXECTO E FINALIDADE</u>	<u>IMPORTE</u>
0104/330B/489.01	ONG Mundo cooperante	Form. tecnolóx. fillas trabal. Calcuta-India	6.533
0104/463C/489.01	Asoc.benef. A Coruña Venezuela	Asistencia médica aos socios entidade	18.000
0104/463C/489.01	Fogar gal. anciáns R. Arxentina	Mantem. persoal fogar acollida Domselaar	16.000
0104/463C/489.01	Soc. Fillos Porto Son Uruguai	Actividades culturais	6.000
0104/463C/489.01	Fogar español de Montevideo	Adaptación vehículo móbil. reducida	16.000
0104/463C/489.01	C. Galego Pensionado e Xubilad.	Modernización acceso novas tecnolox.	10.795
0104/463C/489.01	Centro social e cultural Bergan.	Equipamento informático e de oficina	6.000
0104/463C/489.01	Padroado da cultura galega	Completar adquisición local social e rehab.	42.000
0104/463C/489.01	Asoc. civil unión resident. Outes	Creación páxina web da Asociación	7.800
0305/421A/489.01	Asoc. Fesga	Promoc.da economíaprov.eempreg	60.000,00
0701/313M/789.01	Asoc. A Creba de Noia	Construción centro ocupacional en NOIA	60.000,00

3º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulan reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presenten reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

4º.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

5.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA DISTRIBUCIÓN INTERNA DO FINANCIAMENTO DA SEGUNDA FASE DO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2006.

INTERVENCIONS

Sr.López Crespo

Grazas, Sr. presidente. Só para dicir que dende o punto 5 até o final, o Grupo Popular vai votar afirmativamente.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistas as baixas producidas na adxudicación das 12 actuacións incluídas na primeira fase do POL 2006 que minoran, en parte, a subvención do MAP que inicialmente fora utilizada na súa totalidade para o seu financiamento.

Vistas as obras incluídas na segunda fase do POL 2006 para as que nun principio non se destinou subvención do MAP por estar empregada na súa totalidade para o financiamento da primeira fase.

E coa finalidade de realizar unha óptima utilización da achega do MAP á anualidade 2006 do POL.

1º Modificar a distribución interna do financiamento da segunda fase do Programa Operativo Local 2006 que foi aprobada mediante acordo plenario do 29 de xuño de 2006, coa finalidade de aplicar as baixas de licitación producidas na adxudicación das actuacións incluídas na primeira fase que minoran, en parte, a achega do MAP.

Como consecuencia da dita modificación, a distribución interna do financiamento e o resumo das cifras globais do financiamento da segunda fase da anualidade 2006 do POL, detalladas por axentes financiadores é a seguinte:

Concello	DENOMINACIÓN	Código	PPTO.	FEDER-MAP	FEDER-LOCAL	MAP	DEPUTACIÓN	
							DEPUT.-F.P.	DEP.CONCELLO.
ARES	AB.SAN. R/ S. ANDRÉS-CONSISTORIO CM. ESTACAS	06.2300.0220.0	149.878,64		104.915,05		37.469,65	7.493,94
CABANA DE B.	AMPL. REDE SAN. CANDUAS E CESULLAS	06.2300.0221.0	95.682,51		66.977,76		23.920,62	4.784,13
CABANA DE B.	INFR. SAN. NÚCLEO DE MEAÑO	06.2300.0222.0	94.368,25		66.057,78		23.592,05	4.718,42
FISTERRA	COLECTORES XRAIS. ANCHOA E OUTROS	06.2300.0223.0	414.052,46		289.836,72		103.513,11	20.702,63
MAÑÓN	ENCANAMENTO SAN. SEMAFORO BARES A REDE XRAL. BARES	06.2300.0224.0	172.030,25		120.421,18		43.007,55	8.601,52
VILARMAIOR	AB. AUGA PARROQUIA TORRES 1-FASE	06.2300.0225.0	89.901,50		62.931,05		22.475,37	4.495,08
ZAS	PASEO FLUVIAL EN BAIO	06.2300.0226.0	420.693,40	47.220,26	247.265,12	20.237,26	84.936,09	21.034,67
2- FASE POL 2006			1.436.607,01	47.220,26	958.404,66	20.237,26	338.914,44	71.830,39

	Inicial	Modificado	Diferenza
MAP + FEDER-MAP	0,00	67.457,52	+ 67.457,52
FEDER-LOCAL	1.005.624,92	958.404,66	- 47.220,26

DEPUTACIÓN F.P.	359.151,70	338.914,44	-20.237,26
DEPUTACIÓN CONCELLO	71.830,39	71.830,39	0,00
TOTAL	1.436.607,01	1.436.607,01	0,00

2º Dispor a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante un prazo de dez días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

3º Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia para os efectos previstos no art. 29.2.) da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da administración xeral do Estado, deberase entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a súa recepción.

4º Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións locais, deberá entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a súa recepción.

5º Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para efectos da coordinación prevista na Lei 5/97 de administración local de Galicia, deberá entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días dende a súa recepción.

6º Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presenten reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobada a modificación do plan.”

6.-APROBACIÓN PROVISIONAL DA 1ª RELACIÓN DA 1ª FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS 2006 INTEGRADA POLO PROXECTO DE TRAVESÍA E SEGURIDADE VIAL NA E.P. 4803 MIÑO A PONTEDEUME DO PK. 3.800 AO 7.100 E DO 10.250 AO 10.750 (PONTEDEUME) E SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DE DECLARACIÓN DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Modificar o acordo plenario do 29 de xuño de 2006 no sentido:

Onde di:

Orzamento: 950.428,77 euros

Debe dicir:

Orzamento: 1.153.589,05 euros

Ao producirse un erro por non incluír o tramo pk 10,250 ao 10,750.

2.- Aprobar provisionalmente a primeira RELACIÓN DA 1ª FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS 2006 integrada polos proxectos que se relacionan por seren os que se

axustan ao disposto nas BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE HAN DE INCLUIR NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2004-2007.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
06.1130.0001.0	TRAVESIA E SEGURIDADE VIAL NA E.P. 4803 MIÑO A PONTEDEUME DO PK 3+800 AO 7+100 E DO 10+250 AO 10+750 (1ª FASE DO PK 3+800 AO 7+100) (PONTEDEUME)	1.153.589,06
TOTAL.....		1.153.589,06

3.- Expoñer ao público, unha vez aprobados provisionalmente, por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entenderase definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.

4.- Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellaría da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras que deseguido se detallan.

A RELACIÓN DE PROXECTOS PARA A SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA É:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	VALORACION DAS EXPROPIACIONS
06.1130.0001.0	TRAVESIA E SEGURIDADE VIAL NA E.P. 4803 MIÑO A PONTEDEUME DO PK 3+800 AO 7+100 E DO 10+250 AO 10+750 (1ª FASE DO PK 3+800 AO 7+100) (PONTEDEUME)	224.581,31

TITULO DO PROXECTO	RAZONS QUE MOTIVAN A URXENTE OCUPACION
TRAVESIA E SEGURIDADE VIAL NA E.P. 4803 MIÑO A PONTEDEUME DO PK 3+800 AO 7+100 E DO 10+250 AO 10+750 (1ª FASE DO PK 3+800 AO 7+100) (PONTEDEUME) (0611300001.0)	<p>O largo da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, é bastante escaso, cunha calzada arredor dos 5 metros, sen liñas horizontais nin separación de carrís.</p> <p>- As obras que se van realizar consisten na mellora da seguridade viaria na travesía, para iso, será necesario aumentar o largo de cada un dos carrís a 3,5 m (distancia entre bordos 7,40 m), dándolle prioridade aos condutores. Para o tránsito peonil proxéctase a construción dunha beirarrúa pola marxe esquerda de 1,80 m de largo que se desdobrará en dúas na zona de Boebre (zona con maior densidade de poboación).</p> <p>- Debido ás obras, será necesario modificar nalgúns puntos o trazado actual.</p> <p>- Reponeranse as beirarrúas existentes ao comezo da zona de estudo (pk3,700)</p> <p>- Por debaixo da beirarrúa proxéctase a colocación de servizo de abastecemento e alumado público así como a canalización da drenaxe.</p> <p>Co novo trazado preténdese proporcionar maior seguridade aos viandantes á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos, todo iso tendo en conta que a estrada transcorre por zonas poboadas e con accesos por ambas</p>

	bandas ás pistas de parcelaria
--	--------------------------------

	- A intensidade media do tráfico que aumentou nos últimos anos
--	--

5.- Someter a información pública o referido expediente de expropiación mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entenderase definitivamente aprobado se estas non se producen.

6.- Polo que se refire á contratación das obras, esta será obxecto de expediente independente que se tramitará unha vez que se aprrobe definitivamente o plan e consten as correspondentes autorizacións e permisos así como a dispoñibilidade dos terreos.”

7.-RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN Á XUNTA DE GALICIA DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DA OBRA DE CONSTRUCCIÓN DE VARIANTE ENTRE O PK. 1.750 E O PK. 2.450 DA E.P. 9302 DE CAXADAS A BAÍÑAS (VIMIANZO), INCLUÍDA NA 5ª RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006/2008.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Dar por rematada a fase de información pública no expediente de expropiación que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto CONSTRUCCIÓN DE VARIANTE ENTRE O PK. 1.750 E O PK. 2.450 DA E.P. 9302 DE CAXADAS A BAIÑAS. (VIMIANZO)

2.- Desestimar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados.

Suscítanse cuestións que, se é o caso, dilucidaranse nas fases posteriores do expediente de expropiación (levantamento de actas previas, bens afectados) e polo que respecta á modificación de aliñamentos e trazados procede a súa desestimación por ser extemporánea e ademais porque tecnicamente queda xustificada a mellor adecuación do proxecto aprobado por esta Deputación provincial, por axustarse á normativa de accesibilidade de minusválidos.

3.- Ratificar a solicitude de declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra tales como:

-A estrada comunica as localidades de Caxadas a Baíñas e entronca coa C552 á altura de Caxadas. A construción desta variante beneficiará o núcleo de poboación de Cerván, que grazas á variante non será atravesado pola gran cantidade de vehículos pesados que transitan pola zona na actualidade debido á presenza nesta dunha canteira de intensa actividade.

- As dimensións da calzada son moi reducidas, polo que non pode circular ao mesmo tempo un vehículo lixeiro cun pesado, tendo que parar un para que circule o outro. Ante tal situación e debido ás casas que se sitúan a ambas marxes da estrada no lugar en cuestión, a única solución factíbel é a construción dunha variante.
- A existencia de gran cantidade de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada.
- O estado do firme da estrada
- A intensidade media do tráfico que aumentou nos últimos anos.
- A existencia de camiños e estradas que acceden con interseccións mal acondicionadas e perigosas. Acondicionaranse co fin de dotalas de maior visibilidade.
- Proporcionar maior seguridade aos viandantes á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos, tendo en conta que había unha carencia case total de beiravías e se proxectan beiravías de 1 metro cada unha.

Todo iso co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

8.-APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN DE PISCINAS CUBERTAS CLIMATIZADAS PARA CONCELLOS DA PROVINCIA CUNHA POBOACIÓN SUPERIOR AOS 10.000 HABITANTES 2005-2006.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vista a documentación xustificativa remitida polo Concello de Teo xunto coa súa solicitude:

1º) Aprobar a segunda e última fase do Plan de piscinas cubertas climatizadas para concellos da provincia cunha poboación superior aos 10.000 habitantes, do que as súas bases foron aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 29 de xullo de 2005, e o texto íntegro publicouse no BOP nº 176 do 3.08.2005.

As cifras globais do financiamento desta segunda fase do plan, así como o seu detalle por concello e actuación, é o que se indica deseguido:

Concello/Obra	Achegas	Anualidades		Orzamento total
		2005	2006	
05.3210.003.0 Teo: Piscina cuberta climatizada	Deputación	300.000	1.200.000	1.500.000
	Concello		300.000	300.000
	Total	300.000	1.500.000	1.800.000

2º) A contratación e execución das obras realizaranas os respectivos concellos de acordo co establecido nas bases 6, 7 e 8 das reguladoras deste plan.

3º) Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, proseguiranse coas actuacións unha vez transcorrido o devandito prazo sen que se presentase ningunha.

4º) Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo de 1997, de administración local de Galicia, proseguiranse coas actuacións unha vez transcorrido o prazo de 10 días sen que se presentase ningunha alegación.”

9.-CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA, CONSELLARÍA DO MEDIO RURAL, A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER), O CENTRO DE INICIATIVAS TURÍSTICAS DO EUME E A ASOCIACIÓN EUROEUME COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN PILOTO DE MELLORA DE CALIDADE TURÍSTICA E PROMOCIÓN ARTESANAL NA ZONA DO EUME.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.-Aprobar o texto do convenio que se vai subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña, a Consellaría de Innovación e Industria e a Consellaría do Medio Rural da Xunta de Galicia, o Centro de Iniciativas Turísticas do Eume e a Asociación “Euroeume” para o desenvolvemento dun “plan piloto de mellora da calidade turística e promoción artesanal na zona do Eume”.

2.-Comprométese a Deputación a incluír nos orzamentos crédito suficiente para financiar a achega provincial ás respectivas anualidades, previstas no clausulado do convenio do acordo co seguinte detalle:

Anualidade 2006	75.000,00 €
Anualidade 2007	140.000,00 €
Anualidade 2008	100.000,00 €
Anualidade 2009	100.000,00 €

3.-A Deputación da Coruña comprométese, de conformidade co establecido no artigo 155.5 da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, a modificación das porcentaxes dos gastos de carácter plurianual destinados ao financiamento das obras nas anualidades 2006, 2007, 2008 e 2009 que quedan establecidos tal e como se indican no apartado precedente.

A achega poderase facer efectiva de acordo coas previsións e requirimentos fixados no texto do convenio con cargo á partida 0305/751A/628.00.

4.-Os acordos da Comisión de Seguimento, prevista no clausulado do convenio, referidos á aprobación dos proxectos que se van executar no seu cumprimento, serán sometidos á aprobación do Pleno da Deputación provincial, en cumprimento da previsión contida no artigo 107. da Lei 5/1997 de administración local de Galicia, que literalmente di:

...1.-Correspóndenlle, en todo caso, ao Pleno as seguintes atribucións:
...d) A aprobación dos proxectos de carácter provincial.

5.-Designar como representantes da Deputación na Comisión de Seguimento do Plan ao Sr. presidente da Comisión de Promoción Económica, Emprego e Turismo D. Pablo Villamar Díaz, que a presidirá, e a D. Gonzalo Prego Fernández.

6.-Aprobar a primeira anualidade de 75.000 €, o resto queda condicionado á sinatura do presente convenio. As actuacións da primeira anualidade quedan relacionadas no anexo I do presente acordo.

7.-Facultar á Presidencia para a sinatura do presente convenio.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLARÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA E A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) O CENTRO DE INICIATIVAS TURÍSTICAS DO EUME E A ASOCIACIÓN EUROEUME COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PLAN PILOTO DE MELLORA DA CALIDADE TURÍSTICA E PROMOCIÓN ARTESANAL NA ZONA DO EUME.

Santiago,

REUNIDOS
Dunha parte:

O Excmo. Sr. D. Fernando Xabier Blanco Álvarez, conselleiro de Innovación e Industria da Comunidade Autónoma de Galicia, o Excmo. Sr. D. Edelmiro López Iglesias, director xeral de AGADER por acordo do Consello de Dirección de AGADER do 10 de outubro de 2005, en representación da Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro e no Decreto 213/1983, do 3 de agosto, polo que se nomean conselleiros da Comunidade Autónoma de Galicia, e autorizada a sinatura deste convenio polo acordo do Consello de Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia, con data de

Doutra:

O Ilmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda como presidente da Deputación Provincial da Coruña, nomeado polo acordo do Pleno do 26 de novembro de 2003, e facultado para a subscripción do presente convenio polo acordo do Pleno de, actúa en representación da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do disposto no artigo 21 apartado 1 letra b da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local.

Doutra:

Don Víctor Guerreiro Pena, en calidade de presidente do Centro de Iniciativas Turísticas do Eume, como entidade sen ánimo de lucro formada por concellos, asociacións de empresarios de turismo do Eume e Cámara de Comercio.

Doutra:

Don José Castro Romero, en calidade de presidente da Asociación “Euroeume”, como entidade sen ánimo de lucro formada polos concellos, Xunta de Galicia, Deputación Provincial da Coruña, asociacións culturais, deportivas, veciñais, agrarias e de empresarios e comerciantes.

Todos recoñecen na representación que posúen capacidade para formalizar o presente convenio e para tal efecto

EXPOÑEN

Que a Consellaría de Innovación e Industria e AGADER da Xunta de Galicia, en virtude das competencias atribuídas polo apartado 21 do artigo 27 do Estatuto de Autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981 do 6 de abril, desenvolveu, así mesmo, no exercicio das súas competencias, diferentes actuacións coa finalidade de mellorar a situación turística da Comunidade Autónoma, promovendo plans, programas e normas para a modernización e adecuación da industria turística ás tendencias da demanda; así como de promoción e modernización da artesanía como factores dinamizadores no ámbito da actividade turística.

Que a Deputación Provincial da Coruña, en virtude das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, do 2 de abril, elaborou diversos proxectos para a mellora turística dos municipios de Cabanas, Pontedeume, Monfero, Vilarmaior, As Pontes e A Capela, da provincia da Coruña relación coas liñas estratéxicas e os programas da Consellaría de Innovación e Industria dela Comunidade Autónoma de Galicia.

Que o Centro de Iniciativas Turísticas (CIT) do Eume –como entidade sen ánimo de lucro formada por concellos, asociación de empresarios de turismo do Eume e Cámara de Comercio- vén desenvolvendo un amplo e importante labor de dinamización e de novos recursos turísticos e a dinamización e promoción da artesanía da zona polo que conta cunha experiencia recoñecida publicamente.

Que a Asociación “Euroeume” –como entidade sen ánimo de lucro formada por concellos, Xunta, Deputación, asociacións culturais, deportivas, veciñais, agrarias e de empresarios e comerciantes- vén promovendo Programas das administracións públicas e intercambios de experiencias e metodoloxías que contribúen ao desenvolvemento da zona do Eume.

Que todas as partes consideran que a mellora da competitividade turística da zona do Eume e a súa sostibilidade económica, social e ambiental precisa dunha mellora da calidade do medio urbano e natural dos municipios que as integran, unha ampliación e mellora dos servizos públicos, unha adaptación ás tendencias da demanda, a posta en valor de novos recursos turísticos e a dinamización e promoción da artesanía da zona como valor económico e turístico.

Que, tendo en conta que está prevista a posta en marcha dun proxecto de desenvolvemento turístico –no que participan tamén todas as administracións asinantes- nas bisbarras de Ferrolterra e Ortegal; faise preciso implementar accións neste campo na bisbarra do Eume, co obxecto de cubrir as amplas posibilidades que conta neste campo a zona e coordinar as accións coas anteditas bisbarras limítrofes.

Que a confluencia das formulacións e programas de todas as partes aconsella a coordinación das súas actuacións e a realización conxunta de proxectos coa finalidade de alcanzar a mellora da calidade turística dos seis concellos desta zona piloto co máximo rendemento dos recursos empregados.

Por iso as entidades que asinan, sen renuncia ás súas competencias, acordan subscribir o presente convenio coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA

O obxecto deste convenio é a regulación das bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Turismo, Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información e AGADER, a Deputación da Coruña, o CIT do Eume e da Asociación “Euroeume” para a aplicación do Plan Piloto de Mellora da Calidade Turística e Promoción artesanal de Cabanas, Pontedeume, Monfero, Vilarmajor, As Pontes e A Capela.

O plan prevé a realización dun conxunto de actuacións cos seguintes obxectivos:

--Dotacións de infraestruturas, equipamentos e servizos turísticos adecuados ou se é o caso, mellora da calidade dos existentes.
- Potenciación da diversificación e mellora da oferta complementaria.
- Creación de novos produtos turísticos.
- Posta en valor e presentación do patrimonio cultural e natural.
- Sensibilización, formación e implicación da poboación e axentes locais nunha cultura de calidade.
- Comunicación, promoción e comercialización da oferta turística.
- Realización de feiras de produtos artesanais e agroalimentarios da zona.
- Mellora e promoción dos talleres de artesanía existentes na zona.

As actuacións que aproben a Comisión de Seguimento para cada anualidade deben respectar estes dous principios:

- O turismo sostíbel como eixe de desenvolvemento socioeconómico para este territorio no futuro, cunha aposta decidida pola calidade e singularidade do produto.
- A reflexión estratéxica global, que busque a coordinación de actuacións que inciden no sector turístico por parte das diversas administracións públicas con competencia neste territorio prestando unha especial atención ás políticas de integración ambiental e de desenvolvemento rural, e que xire arredor dos dous eixes vertebradores da zona como destino turístico: o Camiño Inglés e a Ruta dos Andrade.

SEGUNDA

Para unha mellor consecución dos obxectivos do Plan piloto de mellora da calidade turística e promoción artesanal na zona do Eume e dentro do exercicio das súas respectivas competencias e fins, as partes que asinan comprométese respectivamente a:

A Consellaría de Innovación e Industria da Xunta de Galicia

-Considerar prioritarios, dentro dos seus programas de actuacións e de apoio ao sector, a colaboración con proxectos turísticos e actividades artesanais –como os promovidos desde a Deputación Provincial da Coruña- que converxan nos obxectivos dun Plan piloto de mellora da calidade turística e promoción artesanal na zona do Eume.

AGADER

-Apoiar aquelas actuacións, plans e iniciativas que contribúan a dinamizar o medio rural, que presten unha especial atención a aquelas que supoñan a activación dos sectores de actividade que son parte fundamental do Plan piloto de mellora de calidade turística e promoción artesanal na zona do Eume.

A Deputación Provincial da Coruña:

- Procurar o coñecemento e difusión da filosofía, os obxectivos e as realizacións do Plan piloto de mellora da calidade turística entre as poboacións e os axentes turísticos dos concellos de: Cabanas, Pontedeume, Vilarmaior, Monfero, As Pontes e A Capela.
- Velar polo desenvolvemento da actividade turística desta zona, no exercicio das súas competencias.
- Fomentar a sostibilidade económica, social e ambiental dos citados concellos e especialmente a calidade do medio urbano e natural e a dos servizos públicos.

O Centro de Iniciativas Turísticas do Eume e a Asociación “Euroeume”:

- Estimar, difundir e promover actuacións para impulsar o cumprimento do plan.

TERCEIRA

As actuacións previstas dentro do Plan piloto de mellora da calidade turística da zona do Eume, valóranse en oitocentos vinte mil euros (820.000 €), que financiarán as administracións públicas asinantes segundo o cadro e anualidades que figuran na cláusula cuarta.

A colaboración desenvolverase a través da determinación e o seguimento conxunto das actuacións que se executarán en cada anualidade, que atenderán aos obxectivos, especificados na cláusula primeira.

CUARTA

As achegas da Consellaría de Innovación e Industria – Dirección Xeral de Turismo, efectuaranse de acordo co seguinte cadro de distribución de anualidades:

Anualidade	Exercicio Orzamentario	2006	2007	2008	2009	Total anualidade
1ª	ACHEGA	50000				50000
2ª	ACHEGA		30000			30000
3ª	ACHEGA			30000		30000
4ª	ACHEGA				25000	25000
TOTAL		50000	30000	30000	25000	135000

A Consellaría de Innovación e Industria da Comunidade Autónoma de Galicia en 2006, a través da Dirección Xeral de Turismo, efectuará a súa achega con cargo aos seus orzamentos, aplicación orzamentaria 10 06 651A 760.0, e as de anos sucesivos, con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes e aboarase de conformidade co cadro de distribución de anualidades especificado na presente cláusula unha vez xustificada a aplicación dos fondos.

As achegas da Consellaría de Innovación e Industria-Dirección Xeral de Industria e Sociedade da Información, efectuaranse de acordo co seguinte cadro de distribución de anualidades:

Anualidade	Exercicio Orzamentario	2006	2007	2008	2009	Total anualidade
1ª	ACHEGA	40000				40000
2ª	ACHEGA		35000			35000
3ª	ACHEGA			30000		30000
4ª	ACHEGA				30000	30000
TOTAL						135000

A Consellaría de Innovación e Industria da Comunidade Autónoma de Galicia en 2006, a través da Dirección Xeral de Industria e Sociedade da Información, efectuará a súa achega con cargo aos seus orzamentos, aplicación orzamentaria 10.04.711.C.770.0, e as de anos sucesivos, con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes e aboarase de conformidade co cadro de distribución de anualidades especificado na presente cláusula unha vez xustificada a aplicación dos fondos.

As achegas de AGADER, efectuaranse de acordo co seguinte cadro de distribución de anualidades:

Anualidade	Exercicio Orzamentario	2006	2007	2008	2009	Total anualidade
1ª	ACHEGA	30000				30000
2ª	ACHEGA		35000			35000
3ª	ACHEGA			35000		35000
4ª	ACHEGA				35000	35000
TOTAL						135000

AGADER en 2006 efectuará a súa achega con cargo aos seus orzamentos, na conta 02.01.02.04.01.656800, e as de anos sucesivos, con cargo ás contas correspondentes e aboarase de conformidade co cadro de distribución de anualidades especificado na presente cláusula unha vez xustificada a aplicación dos fondos.

A Deputación Provincial da Coruña efectuará as súas achegas dentro de cada anualidade, con cargo á aplicación orzamentaria 0305/751A/628.00, conforme ao seguinte cadro de distribución de anualidades:

Anualidade	Exercicio Orzamentario	2006	2007	2008	2009	Total anualidade
1ª	ACHEGA	75.000				75.000
2ª	ACHEGA		140.000			140.000
3ª	ACHEGA			100.000		100.000
4ª	ACHEGA				100.000	100.000

TOTAL	75.000	140.000	100.000	100.000	415.000
-------	--------	---------	---------	---------	---------

QUINTA

A Deputación Provincial da Coruña como administración executora das actuacións materiais derivadas do presente convenio, procederá á apertura dunha conta que fará fronte ás obrigas derivadas das actuacións do plan debidamente autorizadas pola Comisión de Seguimento. Na devandita conta ingresaranse as achegas das administracións asinantes e calquera outras que deriven da execución do presente convenio.

SEXTA

Créase unha Comisión de Seguimento, sen personalidade xurídica, formada polos representantes das partes asinantes do convenio, que terá as seguintes atribucións:

- Propor as actuacións para levar a cabo, determinar os criterios para a súa realización e verificar a súa execución, así como a súa adecuación ás fins perseguidas.
- Asignar o financiamento das actuacións propostas a cada un dos asinantes.
- Proceder á revisión e adecuación das actuacións sempre que o aconsellen as circunstancias.
- Proporlle ao Pleno a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento do convenio.
- Solicitar ás partes asinantes, cando algunha circunstancia sobrevida así o aconselle, a ampliación do prazo de execución e xustificación das actuacións, cunha antelación mínima de dous meses.
- Dirixir o labor de xerencia e autorizar e verificar os seus gastos.
- Acordar a aplicación dos remanentes a que se refire a cláusula sétima.

A Comisión de Seguimento rexerese polas seguintes normas:

- Estará formada por sete membros, dunha parte, o director xeral de Turismo da Xunta de Galicia ou a persoa en quen delegue, a directora xeral de Industria e Sociedade da Información ou a persoa en quen delegue, doutra parte, o director xeral de AGADER ou persoa na que delegue, doutra, o presidente da Deputación Provincial da Coruña que a presidirá, ou persoa que este designe e o deputado presidente da Comisión de Promoción Económica, un representante do CIT do Eume e finalmente un representante da Asociación “Euroeume”.
- Poderá convidar a asistir ás súas reunións aos expertos ou técnicos que considere necesario, os que terán voz pero non voto.
- Actuará como secretario o secretario da Corporación ou funcionario en quen delegue no caso de vacante.
- Reunirase por iniciativa do seu presidente, cando algún dos seus membros o solicite e, en calquera caso, un mínimo de tres veces ao ano.

- Os acordos de aprobación das actuacións, a súa modificación e solicitude de prórroga do prazo de execución e xustificación esixirá unanimidade.

SÉTIMA

De se producir remanentes de fondos pola non execución dalgunhas das actuacións previstas ou por un menor custo do previsto nas realizadas, a Comisión de Seguimento propondrá acordar motivadamente:

- Destinalos a financiar a realización doutras actuacións aprobadas cuxo custo fose superior ao previsto, ou ben,
- Aplicalos ás novas actuacións que contribúan á consecución dos obxectivos establecidos na cláusula primeira, sempre que non supoña a necesidade de novas achegas por parte das entidades asinantes.

OITAVA

Coa finalidade de xestionar, aplicar e executar o plan crearase, sen personalidade xurídica, unha Xerencia do Plan como órgano de apoio á Comisión de Seguimento.

As funcións que vai desenvolver a Xerencia serán:

- Impulsar as actuacións do plan
- Difundir o plan
- Colaborar na reflexión estratéxica sobre o plan
- Efectuar propostas de actuacións
- Procurar a coordinación deste plan con outras actuacións que poidan realizar na zona das administracións representadas no convenio.
- Recadar a documentación precisa para a xustificación das actuacións do plan a que se refire a cláusula décima do presente convenio.
- Cumprir as funcións de observatorio turístico.
- Calquera outra que lle asigne a Comisión de Seguimento.

A contratación da Xerencia corresponderalle á Deputación Provincial da Coruña e realizarase, en todo caso, en relación aos principios de publicidade, concorrência e obxectividade. Igualmente correspóndelle á Deputación o pagamento das súas remuneracións, que realizará con cargo aos fondos asignados ao plan, aínda que a Xerencia dependa para todos os efectos da Comisión de Seguimento.

NOVENA

A este convenio acompáñase un ANEXO que contemple as actuacións acordadas polas administracións asinantes que está previsto realizar na primeira anualidade de 2006.

DÉCIMA

A execución e xustificación dos proxectos aprobados pola Comisión de Seguimento corresponderalle á Deputación Provincial da Coruña.

O prazo para a execución e xustificación das actuacións será dun ano, a partir da data do acordo da Comisión de Seguimento no que se determinen. Na primeira anualidade o prazo dun ano contabilizarase desde a sinatura do convenio.

No caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a xustificación da súa achega realizarase antes de finalizar o ano natural, de conformidade coa norma aplicábel da Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

A Deputación provincial realizará a xustificación documental da aplicación dos fondos correspondentes a cada anualidade ás entidades sinaladas nesta cláusula da forma seguinte:

- Memoria xeral, na que se recolla o grao de cumprimento alcanzado en relación cos obxectivos e actuacións aprobadas pola Comisión de Seguimento, incluíndo documentos acreditativos do traballo realizado e as pertinentes facturas acreditativas
- Informe sucinto de cada actuación
- Informe sobre as repercusións do plan nos medios de comunicación.
- Certificado do secretario da Deputación provincial no que se transcriba o acordo adoptado polo seu órgano competente, aprobando as facturas correspondentes á execución do obxecto do convenio, co seu importe e imputados a cada proxecto.
- Coa última solicitude de pagamento achegada remitirase unha declaración das axudas solicitadas, concedidas e pendentes da resolución, para a actividade obxecto deste convenio, por parte das distintas Administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Así mesmo, á finalización do plan a Xerencia remitirá unha memoria global das actuacións realizadas coa axuda do plan que inclúa os produtos turísticos creados, a repercusión económica no territorio e a coordinación con outros proxectos levados a cabo nese espazo xeográfico, así como tamén a previsión da xestión turística do destino unha vez finalizado o Plan piloto.

Todo o anterior enténdese sen prexuízo do compromiso de facilitar toda a información que sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello Galego de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino da axuda obxecto do presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA

O presente convenio terá unha duración de catro anos a partir da data da súa sinatura.

A resolución terá como efecto a devolución ás partes dos fondos achegados e non xustificadas até o momento da súa efectividade.

DÉCIMO SEGUNDA

Os bens que se adquiran como consecuencia do presente convenio destinaranse á fin concreta para o que se previu a súa adquisición por un período non inferior a cinco anos, de acordo co disposto no artigo 31 da Lei xeral de subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA

O réxime xurídico aplicábel a este convenio é o establecido no título I da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, do 26 de novembro, polo que serán de aplicación, así mesmo, as restantes normas de Dereito Administrativo en materia de interpretación, modificación e resolución das cuestións non contempladas no convenio que se subscribe.

DÉCIMO CUARTA

As cuestións litixiosas que xurdan na interpretación e cumprimento do presente convenio, sen prexuízo do previsto na cláusula oitava, será de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

En proba de conformidade asínano, por exemplar quintuplicado os intervinientes, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: Salvador Fernández Moreda

O CONSELLEIRO DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Asdo.: Fernando Xabier Blanco Álvarez

O DIRECTOR XERAL DE AGADER

Asdo.: Edelmiro López Iglesias

O PRESIDENTE DO CIT DO EUME

Asdo.: Víctor Guerreiro Pena

O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN “EUROEUME”

Asdo.: José Castro Romero

ANEXO I

ACTUACIÓNS DA PRIMEIRA ANUALIDADE	
DESCRICIÓN	ORZAMENTO
1.-Xerencia e observatorio turístico	25.000 €
2.-Feira de artesanía e de produtos agroalimentarios	25.000 €
3.- Puntos de información turística nos concellos	115.000 €
4.-Centro de interpretación turística e da artesanía (1ª anualidade)	20.000 €
5.-Comunicación e promoción	10.000 €
TOTAL	195.000 €

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e trinta e cinco minutos, procedéndose a redacta-la acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o Secretario, dou fe.